



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



FONDO SOCIAL EUROPEO

IES CHANO PIÑEIRO

FORCAREI Tras Grupo Escolar s/n. 36550

Tlf: 886151228 Fax: 886151234

[ies.chano.pineiro@edu.xunta.es](mailto:ies.chano.pineiro@edu.xunta.es)

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieschanopineiro>



## INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS CURSO 2020/2021

Para esta etapa diferente que nos vai tocar vivir, solicitamos a colaboración de todas e cada unha das familias que forman parte da Comunidade Educativa do IES Chano Piñeiro. Desde o centro, estivemos a traballar nos protocolos para garantir a máxima seguridade para os vosos fillos e fillas durante a súa estancia no instituto. Foron tres os obxectivos básicos: grupos reducidos, distancias de seguridade nas aulas e minimizar o fluxo de alumnado no centro. Por fortuna, contamos coas instalacións e o persoal suficiente para poder facelo, máis precisamos da responsabilidade e a colaboración de todos e todas para levar a cabo este plan de adaptación á nova realidade da COVID-19 da mellor maneira posible.

Un dos aspectos fundamentais ao longo deste curso será o da comunicación. A **páxina web do centro** será a canle fundamental neste sentido polo que cómpre que esteades pendentes dela para coñecer todas as novidades que puideran xurdir: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ieschanopineiro/>

Neste curso usaremos a aplicación **ABALAR MÓBIL** para transmitirvos avisos e comunicacións importantes polo que é necesario que **todas as familias a teñades instalada canto antes**. Tedes unha guía de como facelo na páxina web do centro:

[http://www.edu.xunta.gal/centros/ieschanopineiro/?q=system/files/GUIA\\_ABALAR\\_MOBIL.pdf](http://www.edu.xunta.gal/centros/ieschanopineiro/?q=system/files/GUIA_ABALAR_MOBIL.pdf)

**Lembrede que, para recibir a información a través da aplicación, é preciso que nos comuniquedes o número do teléfono no que a instalastes.**

O equipo directivo e o persoal do centro estará á vosa disposición durante todo o curso escolar en horario lectivo para resolver ou aclarar todas as dúbidas que vos puideran xurdir. Calquera consulta podedes facela a través das seguintes canles:

**Teléfono:** 886 15 12 28

**Correo electrónico:** [ies.chano.pineiro@edu.xunta.es](mailto:ies.chano.pineiro@edu.xunta.es)

Por outra banda, e tal e como vén establecido no Plan de Adaptación á situación Covid-19, o noso centro conta cun **equipo COVID** que será co que teredes que contactar para calquera incidencia relacionada coa pandemia. Dito equipo está formado por:

**Coordinador:** Xosé Anxo Fernández Alonso (Director do centro)

**Membro 1:** José Jamarido Laseiras (Vicedirector do centro)

**Membro 2:** Olalla González López (Xefa de estudos do centro)

**A CONTINUACIÓN, INDICAMOS AS INSTRUCCIÓNS BÁSICAS QUE REXIRÁN DURANTE ESTE CURSO. RECOMENDAMOS QUE AS LEADES CON ATENCIÓN.**

## COMEZO DO CURSO

O curso iniciárase o 23 de setembro e será de forma escalonada segundo o indicado na seguinte táboa:

<b>Mércores 23 de setembro</b>	1º ESO, 2º ESO e 1º Bacharelato
<b>Xoves 24 de setembro</b>	3º ESO e 2º Bacharelato
<b>Venres 25 de setembro</b>	4º ESO

O horario será o habitual e, desde o primeiro día, haberá servizo de comedor e de transporte escolar.

## MEDIDAS ADOPTAR POLAS FAMILIAS ANTES DA CHEGADA A OCENTRO

Todas as familias, antes da chegada do alumno/a ao centro, deberán facerlle unha enquisa de autoavaliación clínica da COVID19 co fin de comprobar se o alumno/a presenta algún dos síntomas compatibles coa enfermidade.

<i>Presentou nas últimas 2 semanas?</i>		<i>SI</i>	<i>NON</i>
<b>Síntomas respiratorios</b>	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
<b>Outros síntomas</b>	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

En caso de resposta afirmativa a algún destes síntomas, **o/a alumno/a NON asistirá a clase**, permanecerá illado/a no seu domicilio e deberán poñerse en contacto inmediatamente tanto co instituto (**teléfono 886 151228 - Equipo COVID**) como co seu pediatra ou médico do seu centro de saúde de referencia. Este último será o que faga a valoración clínica e lles dará as indicacións correspondentes.

Igualmente se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado que conviva con ela **NON PODERÁN ACUDIR AO CENTRO** ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado a algún membro do Equipo COVID do centro.

		<i>SI</i>	<i>NON</i>
<b>CONVIVIU nas últimas 2 semanas?</b>	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

Cada familia, ou o/a alumno/a en caso de ser maior de idade, deberá asinar unha **DECLARACIÓN RESPONSABLE** na que se compromete a realizar o indicado neste apartado. Dita declaración responsable está á vosa disposición na páxina web do centro.

**IMPORTANTE: Para a xustificación das ausencias por calquera causa relacionada coa COVID19 non será preciso presentar xustificante médico e bastará co xustificante da familia.**

## **MEDIDAS A ADOPTAR NO CASO DE QUE UN ALUMNO/A PRESENTE SÍNTOMAS COMPATIBLES COA COVID-19 DURANTE A SÚA ESTANCIA NO CENTRO**

Ante a detección de síntomas compatibles coa COVID-19 nun/ha alumno/a durante a estancia no centro, este/a illarase inmediatamente no denominado **Espazo COVID** situado na planta baixa do centro a carón da conserxería. Este espazo estará dotado de xel hidroalcohólico, panos desbotables e papeleira con tapa. A continuación, contactarase inmediatamente coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade posible. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou médico que valorará a solicitude dun test diagnóstico. Se o pediatra ou médico non tivera consulta no mesmo día, acudirá ao PAC onde será avaliada a solicitude do test diagnóstico.



### **ENTRADA NO CENTRO**

Tendo en conta que a gran maioría do noso alumnado chega ao centro de xeito escalonado no transporte escolar, a entrada ao centro farase pola entrada principal en fila e de forma ordenada. O alumnado situarase nos soportais da entrada mantendo a distancia de seguridade e, tras facer a correspondente hixienización das mans co xel hidroalcohólico, irá directamente á súa aula de referencia. O alumnado que non usa o transporte escolar incorporarase ao final da fila respectando a distancia interpersoal de 1'5 metros.

### **MEDIDAS DE SEGURIDADE E HIXIENE**

- Durante a estancia no centro **é obrigatorio** o uso de máscara e manter a distancia de seguridade interpersoal de 1'5 metros.
- Cada alumno/a **deberá ter unha segunda máscara de reposto** gardada nun estoxo.
- No caso de que algún alumno/a estea exento do uso da máscara deberá comunicalo ao centro co correspondente informe médico.
- Nas aulas o alumnado terá o seu posto marcado e será o que teña que usar durante todo o curso.
- Ao entrar e saír da aula todo o alumnado deberá facer a hixiene de mans usando o dispensador de xel hidroalcohólico que hai a carón da porta da aula.
- En todos os espazos do centro disporase de xel hidroalcohólico, líquido desinfectante, panos desbotables e papeleiras con bolsa (con pedal nas aulas de referencia). Nas papeleiras con pedal das aulas deitaranse só residuos hixiénicos (papel desinfección, panos desbotables...).
- Cando cambien de aula, deberán facer a desinfección dos seus postos (este labor é especialmente importante nas aulas de desdobre ou aulas específicas).
- Está **prohibido compartir material de uso propio** con ningún/ha compañeiro/a.
- **Non se pode deixar o material na aula**, polo que cada alumno/a deberá levar diariamente todo o seu material ao seu domicilio.
- Se o desexa, o alumno/a traerá o almorzo do seu domicilio e poderá comelo unicamente nos recreos mantendo en todo momento as medidas de seguridade. Está **prohibido** compartir bebida ou comida entre o alumnado.

- É preciso **ventilar as aulas o máximo tempo posible**. Será obrigatorio facelo antes do inicio das clases, nos recreos, cando a aula quede baleira e á hora de saír. Sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan teranse as ventás abertas. É **IMPORTANTE ACUDIR AO CENTRO CO ROUPA DE ABRIGO**.

### **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Salvo que a situación da pandemia o permita neste curso non se realizarán actividades que impliquen aglomeración de persoas como o Magosto ou o Entroido.

As actividades que se realicen irán dirixidas a grupos reducidos e do mesmo nivel en lugares que permitan manter as medidas de distancia interpersoais.

No caso das saídas, realizaranse só en caso de poder cumprir as medidas sanitarias e de aforo correspondentes.

### **PRESENZA DAS FAMILIAS NO CENTRO. TITORÍAS**

**Durante este curso minimizarase a presenza das familias no centro** polo que, cando sexa necesario a súa presenza para realizar algún trámite ou para recoller a un alumno/a, deberán avisar previamente ao centro a través dunha chamada telefónica.

**As titorías** (ou calquera outra comunicación cun/ha profesor/a) **faranse preferentemente de xeito telefónico ou telemático** e só en casos excepcionais se farán de forma presencial.

En calquera dos casos, cómpre pedir cita previa ben sexa a través dunha chamada telefónica ao centro ou a través dun correo electrónico indicando o/a titor/a ou profesor/a co que queren concertar unha entrevista.

### **FORMACIÓN FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS**

**Durante as dúas primeiras semanas do curso formarase ao alumnado** para que coñezan tanto as medidas de seguridade e hixiene como o funcionamento das ferramentas tecnolóxicas que empregarán en caso de que nalgún momento do curso se teña que optar por unha ensinanza non presencial (aula virtual do centro, correo electrónico corporativo, Classroom...).

Ademais, o equipo COVID detectará todas as necesidades do alumnado no referente ao equipamento informático e de conexión co fin de poder darlle unha resposta axeitada en caso de que fose necesario.

**PARA CALQUERA DÚBIDA, SUXESTIÓN OU ACLARACIÓN NON DUBIDEN EN POÑERSE EN CONTACTO CON NÓS TANTO POR VÍA TELEFÓNICA COMO POR CORREO ELECTRÓNICO.**

O Equipo Directivo